



Instrución: 10/2021

Data: 5 de abril de 2021

Asunto: Instrución para a inclusión das persoas extranxeiras residentes en Galicia no Plan Galego de Vacinación fronte o SARS- Cov-2

Orixe: Secretaría Xeral Técnica

Ámbito: Dirección Xeral de Saúde Pública. Servizo Galego de Saúde. Xerencias das Areas Sanitarias.

A maioría da poboación residente en España ten recoñecido o dereito a protección da saúde con cargo a fondos públicos, incluíndo as persoas estranxeiras que encontrándose en España non teñan concedida a súa residencia legal (segundo o establecido nos artigos 3 bis e 3 ter da Lei de Cohesión e Calidade do Sistema Nacional de Salud, modificados polo Real Decreto-Lei 7/2018, de 27 de xullo). Toda esta poboación está sendo incluída nos diferentes grupos de vacinación establecidos.

Hai persoas que residen en Galicia con outro tipo de coberturas sanitarias: por exportación do dereito desde o seu país de orixe, privados ou calquera outra situación asimilada.

A Comisión de Saúde Pública do Consello Interterritorial aprobou a vacinación fronte o SARS-Cov-2 para as persoas estranxeiras residentes en España, no lugar onde se atopen desprazadas, co obxectivo de garantir a protección individual e colectiva para o conxunto da cidadanía.

É obxectivo desta instrución establecer mecanismos específicos para a identificación das persoas residentes en Galicia sen recoñecemento do dereito a protección da saúde con cargo a fondos públicos, cara a súa vacinación posterior.

INSTRUCCIÓN

PRIMEIRA. Criterios de inclusión:

- Non ter dereito a aseguramento sanitario público en Galicia na actualidade.
- Estar residindo en Galicia.

SEGUNDA. Documentación:

- Documento identificativo válido e en vigor.
- Certificado de empadramento dun concello de Galicia ou, no seu defecto calquera outra documentación que acredite a súa residencia: contrato de traballo, contrato de alquiler ou outros documentos análogos.
- Anexo 1 cumprimentado.

Instrución 10/21



TERCEIRA. Tramitación.

As persoas que se atopen nesta situación, deben enviar toda a documentación ao correo electrónico " **vacinacion.desprazados@sergas.es** ".

Posteriormente o persoal encargado comprobará que a persoa non figura xa na base de datos de tarxeta sanitaria con dereito a aseguramento sanitario público, valorará a documentación aportada e de cumprir cos requisitos dará un alta rápida no sistema de información de tarxeta sanitaria e anotará aos solicitantes admitidos nun rexistro específico que permita a súa localización posterior.

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2021

O Secretario Xeral Técnico


Alberto Fuentes Losada.

Instrucción 10/21



ANEXO 1

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	SEXO
DATA DE NACEMENTO *	DOCUMENTO ACREDITATIVO DA IDENTIDADE: PASAPORTE; DNI; OUTROS		
NOME DA VIA	NÚM	BLOQUE	ANDAR
			PORTA
CÓDIGO POSTAL	CONCELLO	LOCALIDADE	PROVINCIA
TELÉFONO *	OUTRO TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO	

Marcado con * os documentos fundamentais

A PERSOA SOLICITANTE DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE
1. Que a persoa solicitante non ten a condición de asegurada ou beneficiaria recoñecida polo Instituto Nacional da Seguridade Social ou do Instituto Social da Mariña.
2. Que non ten acceso a un sistema de protección sanitaria pública por calquera outro título
3. Que son certos todos os datos consignados neste documento

DOCUMENTACIÓN QUE PRESENTA
<input type="checkbox"/> Documento de identificación válido e en vigor
<input type="checkbox"/> Certificado de empadramento dun concello de Galicia
Calquera outro documento que acredite a súa residencia:
<input type="checkbox"/> Contrato de traballo <input type="checkbox"/> Contrato de alugamento <input type="checkbox"/> Outro (especificar)
<input type="checkbox"/> Anexo 1 cumprimentado

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE
Lugar e data

PROTECCIÓN DE DATOS

Segundo o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 (Regulamento xeral de protección de datos persoais) e Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, se lle informa que os seus datos persoais serán tratados pola Consellería de Sanidade, coa finalidade de coñecer a identidade das persoas protexidas pola Administración Sanitaria Gallega e dos profesionais relacionados co catálogo de prestacións sanitarias. Este tratamento se realiza en base aos artigos 6.1 c) y 6.1 e) do Regulamento RXP. A persoa interesada ten dereito a solicitar o acceso, rectificación, supresión, oposición, portabilidade e limitación do tratamento ante a Consellería de Sanidade, como responsable do tratamento, mediante o envío dun correo á Consellería de Sanidade, Edif. Administrativo San Lázaro s/n, 15703 Santiago de Compostela o ao correo electrónico delegado.proteccion.datos@sergas.gal. Máis información: <https://www.sergas.gal/protecciondatos>

